



Concello de A Ribeira de Piquín

BASES PARA A SELECCIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “O CASTRO XI” ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE A RIBEIRA DE PIQUÍN

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases, de conformidade co previsto no artigo 11 da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 228, do 25 de novembro de 2025), establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección das persoas traballadoras que participará no obradoiro de emprego “O CASTRO XI”, promovido polo Concello de A Ribeira de Piquín e subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

O procedemento empregado para a cobertura deste posto de traballo será a oferta de emprego, a cal será tramitada pola oficina que corresponda.

2.- CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS DE TRABALLO

Durante a súa incorporación ao obradoiro dual de emprego as persoas alumnas seleccionadas estarán vinculadas á entidade promotora mediante a modalidade de contrato para a formación en alternancia.

Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de nove meses e serán a xornada completa.

De conformidade co establecido nas instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio, así como do alumnado-traballador remitidas pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. As persoas alumnas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

3.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

As persoas participantes no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

Requisitos xerais.

- Ter dezaoito ou máis anos de idade.
- Estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá de manterse na súa data de incorporación ao proxecto.
- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde de convocatoria.





Concello de A Ribeira de Piquín

- Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.
- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitado para o exercicio da función pública.

Requisitos específicos:

1º- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.

5.- CAUSAS DE EXCLUSIÓN

- Non cumprir os requisitos esixidos nestas bases e na orde de convocatoria, no momento da súa incorporación ao obradoiro dual de emprego.
- No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro obradoiro de emprego, con independencia de que o rematase con resultado de apto ou non, non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado profesional.

6.- OFERTA DE ACTIVIDADE

Unha vez constituído o tribunal de selección, e aprobados os criterios de selección das persoas alumnas traballadoras que van participar no obradoiro dual de emprego, presentaranse ofertas de emprego, en función das especialidades formativas que se van a impartir e do Concello nos que están localizadas as actuacións previstas no proxecto de obradoiro.

Neste caso correspondéndolle tramitar as ofertas ás oficina de emprego de:

Oficina de emprego Lugo Sur:

OFERTA 1

- Ámbito xeográfico: Concello de Castroverde.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 4.
- Especialidade formativa a cursar: Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes AGAR0309.
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (Xardineiro, peón xardineiro, peón forestal, traballador forestal) NIVEL 1.
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

OFERTA 2

- Ámbito xeográfico: Concello de A Ribeira de Piquín.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 4.
- Especialidade formativa a cursar: Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes AGAR0309.
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (Xardineiro, peón xardineiro, peón forestal, traballador forestal) NIVEL 1.





Concello de A Ribeira de Piquín

- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

OFERTA 3

- Ámbito xeográfico: Concello de Pol.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 4.
- Especialidade formativa a cursar: Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes AGAR0309.
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (Xardineiro, peón xardineiro, peón forestal, traballador forestal) NIVEL 1.
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

Oficina de emprego de Mondoñedo:

OFERTA 1

- Ámbito xeográfico: Concello de Pastoriza.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 4.
- Especialidade formativa a cursar: Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes AGAR0309.
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (Xardineiro, peón xardineiro, peón forestal, traballador forestal) NIVEL 1.
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

OFERTA 2

- Ámbito xeográfico: Concello de Riotorto.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 4.
- Especialidade formativa a cursar: Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes AGAR0309.
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (Xardineiro, peón xardineiro, peón forestal, traballador forestal) NIVEL 1.
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

A oficina de emprego remitirá á entidade promotora a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, catro por posto.

Concluída a sondaxe, comunicaráselles ás persoas candidatas o lugar, data e hora á que deberán asistir para realizar a entrevista persoal, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, así como dunha copia para entregar ao tribunal de selección, xunto ao Anexo II e Anexo III recollidos nas presentes bases.





Concello de A Ribeira de Piquín

A selección terá lugar na Casa Consistorial do Concello de A Ribeira de Piquín o día 18 de maio de 2026:

- Ás 09:30 horas para persoas alumnas traballadoras do módulo que se vai a impartir en A Ribeira de Piquín.
- Ás 11:30 horas para persoas alumnas traballadoras do módulo que se vai a impartir en Riotorto e Pastoriza.
- Ás 13:30 horas para persoas alumnas traballadoras do módulo que se vai a impartir en Castroverde e Pol.

7.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

De acordo co disposto na orde de convocatoria terán preferencia para participar nestes proxectos as persoas que solicitaran este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, priorizarase a aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral (debendo estar aberto con anterioridade a data da Resolución de adxudicación). Ademais priorizaranse as persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como os emigrantes retornados; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas paradas de longa duración; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade, sempre que poidan realizar os traballos, e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

Á vista do anterior, o tribunal de selección en primeiro lugar celebrará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará con 10 puntos.

Unha vez rematadas todas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesmas e na páxina web da entidade promotora.

A continuación terá lugar a baremación de méritos obxectivos, baremo establecido no Anexo I, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego, cunha puntuación máxima de 34 puntos.

Finalizado o proceso de selección, o tribunal de selección procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na entrevista persoal e na valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

A relación das persoas admitidas (facendo constar para cada unha a puntuación total e a/as especialidade/s formativas ás que son adscritos) e excluídas (sinalando neste último suposto os motivos da exclusión) no proceso selectivo será exposta no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web, así como nos taboleiros de anuncios das oficinas de





Concello de A Ribeira de Piquín

emprego. No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en Concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da que tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán no oficina de emprego correspondente.

No suposto de empate nas puntuacións de dous o máis candidatos, terá preferencia aquel que teña máis antigüidade como desempleado a contar dende o último emprego segundo a vida laboral, e en caso de empate o de maior idade.

O tribunal de selección asinará a acta de todo o actuado, por duplicado exemplar, e remitiráa á entidade promotora para o seu cumprimento. Asimesmo a entidade promotora remitirá a proposta do persoal seleccionado á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se o persoal proposto non cumprira ditos requisitos a Xefatura comunicarllo á entidade promotora para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. O proxecto non poderá dar comezo en tanto a Xefatura non comprobe que as persoas seleccionadas reúnen os ditos requisitos.

8.- LISTAXE DE RESERVA

A entidade promotora, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnas traballadoras, elaborará unha lista de reserva que estará integrada polas persoas candidatas que, non sendo seleccionadas, obtiveran as maiores puntuacións. En caso de esgotarse realizaríase novamente oferta na oficina de emprego. Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao alumno/a traballador/a.

9.- ADMISIÓN.

As persoas seleccionadas polo tribunal de selección serán admitidas pola entidade promotora, para participar no obradoiro dual de emprego na condición de alumnos/as traballadores/as sempre e cando cumplan os requisitos destas bases. Unha vez elaborada a listaxe de alumnos-traballadores propostos a entidade promotora deberá remitila á correspondente oficina de emprego. Se algún dos alumnos propostos non cumprira os ditos requisitos, a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

As persoas seleccionadas deberán pasar un recoñecemento médico e ser declarados aptos para o desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego.

En todo caso os requisitos de selección deben de manterse na data de incorporación ao proxecto.

10.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS:

As incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección, presentaranse ante a entidade promotora no prazo de 2 días naturais a contar dende o seguinte a publicación das actas, e serán resoltas pola dita entidade promotora.

As presentes bases poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante o órgano competente, previo ao Contencioso - Administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso -





Concello de A Ribeira de Piquín

Administrativo de Lugo. (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa).

11.- PUBLICIDADE DAS BASES

Estas bases serán publicadas na páxina web da entidade promotora, así como no taboleiro de anuncios da entidade promotora, do resto dos Concellos participantes no proxecto, da oficina de emprego que tramite a oferta.

No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en Concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da que tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán no oficina de emprego correspondente.

A Ribeira de Piquín, a 5 de maio de 2026.

Asdo.: D. Roberto Fernández Rico,

Alcalde-Presidente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE





Concello de A Ribeira de Piquín

ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO

1.- MULLERES

- Mulleres vítimas de violencia de xénero (Acreditado mediante informe, resolución xudicial, sentenza condenatoria,...) 2 puntos
- Mulleres non puntuadas no apartado anterior..... 1 punto

2.- IDADE (Acreditarase co documento nacional de identidade)

- 18 - 34 anos 3 puntos
- 35 - 51 anos 1 punto
- 52 ou máis 4 puntos

3.- DISCAPACIDADE (Acreditarase co certificado ou resolución correspondente)

- Discapacidade $\geq 33\%$ 1 punto

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO (Acreditarase con certificado, informe ou resolución da Oficina de Emprego)

- Perceptores de desemprego 1 punto
- Perceptores de subsidios..... 2 puntos
- Non perceptores 4 puntos

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Menos de 12 meses 1 punto.
- De 12 a 18 meses... 2 puntos
- Máis de 18 meses... 4 puntos

6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Autónomos 0 puntos
- Grupo de cotización do 1 ó 7 0 puntos
- Grupo de cotización 8 1 puntos
- Grupo de cotización 9 2 puntos
- Grupo de cotización 10 3 puntos
- Sen emprego anterior 4 puntos





Concello de A Ribeira de Piquín

7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social.....)

- Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia perceptores (RISGA)1 punto

8.- FORMACIÓN ACADÉMICA (Acreditarse coa titulación académica)

- Ata graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente..... 3 puntos
- Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 2 puntos
- Títulos universitarios e de FP de ciclo superior..... 1 punto

9.- OUTROS (Acreditarse con certificado ou informe do organismo competente)

- Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de Inserción Profesional (IPI) con anterioridade a data da Resolución de adjudicación..... 2 puntos
- Por non haber participado nun obradoiro dual ou programa de emprego nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores..... 9 puntos

10.- ENTREVISTA

- Na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo.
Puntuarase ata un máximo de 10 puntos.





Concello de A Ribeira de Piquín

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./D^a....., con DNI núm.
....., número de teléfono....., con domicilio a
estes efectos en, e
dirección de correo electrónico

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido/a no proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de: alumno/a traballador/a do Obradoiro de Emprego O Castro XI, convocada polo Concello de A Ribeira de Piquín e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo, que:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impido, no seu estado nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Que a acreditación da titulación académica que se achega no momento da solicitude, por ser a superior que se acadou é:
 - Certificado de escolaridade, graduado escolar ou equivalente.
 - Graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.
 - Bacharelato/BUP e FP ciclo medio.
 - Títulos universitarios e de FP de ciclo superior.

En....., a de.....de 2026.

O/A Solicitante

Asdo:.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE A RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).





Concello de A Ribeira de Piquín

RELACIÓN DE MÉRITOS

Documentación Acreditativa que se presenta para a avaliación dos méritos.

- Copia cotexada ou orixinal do DNI.
- Copia cotexada ou orixinal do informe, resolución xudicial, sentenza condenatoria que acredite ser muller vítima de violencia de xénero.
- Copia cotexada ou orixinal do certificado ou resolución que acredite o grado de discapacidade.
- Copia cotexada ou orixinal do certificado, informe ou resolución da Oficina de Emprego que acredite:
 - Ser perceptor/a de desemprego.
 - Ser perceptor/a de subsidio.
 - Non ser perceptor/a
- Copia cotexada ou orixinal da vida laboral.
- Copia cotexada ou orixinal que acredite ser persoa beneficiaria do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia perceptores (RISGA).
- Copia cotexa ou orixinal da titulación académica superior completada.
- Copia cotexada ou orixinal do certificado ou informe que acredite ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de Inserción Profesional (IPI) con anterioridade a data da firma das bases.

En _____, a _____ de _____ de 2026.

O/A solicitante,

Asdo. _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE A RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

